



## Información usuarios comedor

Infórmase que actualmente hai 21 prazas no comedor escolar.

Recibíronse un total de 48 solicitudes de comedor para o curso 2024-25, polo que se solicitou unha segunda quenda. A resposta a esta solicitude non se espera ata finais de outubro, tal e como nos indican dende o servizo de Comedores Escolares da Consellería.

Habendo máis solicitudes de comedor que prazas autorizadas no comedor escolar, é preciso revisar e baremar todas as solicitudes, competencia do Consello Escolar do Centro, avaliándoas segundo dispón Instrución 1/2024, da secretaría xeral técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2024-2025, de acordo coa seguinte orde de preferencia:

1. Alumnado usuario habitual do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado usuario de dereito do servizo do transporte escolar, nos termos establecidos na Instrución sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2024-2025, que estableza a consellería competente nesa materia.
3. Alumnado que teña un/unha irmán ou irmá que vaia a continuar matriculado no centro para o curso que solicite o servizo e sexa usuario do comedor escolar no momento de formalizar a solicitude, agás no caso de alumnado escolarizado voluntariamente en centros fóra de zona.
4. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
5. Alumnado membro de familias numerosas, monoparentais, situación acreditada mediante certificación, título ou inscrición no rexistro correspondente.

A asimilación ao descendente do fillo/filla concibido/a e non nacido/a acreditarase mediante o carné familiar galego, a que se refire o artigo 12 da Lei 3/2011, de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia.



6. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolledores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente, de xeito alternativo, mediante a seguinte documentación: informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da unidade de persoal á que pertenza o empregado público; certificación da empresa, xustificativa da duración de xornada e o horario de traballo; certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia.
7. Outro alumnado do centro. Neste suposto inclúense aos escolarizados voluntariamente fóra da área de influencia que lles corresponde.
8. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

**Resólvese que o alumnado que fixo uso do comedor o ano anterior continúa empregando esas 21 prazas e desta maneira restan 27 solicitudes de comedor que non teñen praza asignada, 6 destas solicitudes están dentro da zona de influencia do centro e teñen preferencia sobre ás outras 21 solicitudes que están fora da zona de influencia.**

**Resólvese tamén asignar 3 novos usuarios de comedor que poderán facer uso do servizo en días puntuais, cando existan ausencias. Das anteriores, asígnase unha praza a 1 persoa da zona de influencia, porque as 5 restantes non queren facer uso en días puntuais e asígnanse 2 prazas a 2 persoas que teñen irmáns usuarios de comedor.**

**Infórmase ás familias dos novos usuarios do servizo que esta asignación é provisional e que a totalidade destas prazas será baremada de novo unha vez que se aprobe a ampliación de prazas, que poderá producirse en calquera momento do curso 2024-25.**